Reunido o pleno do Comité Galego de Xustiza Deportiva o 13 febreiro de 2023 e previo exame do recurso, adopta o seguinte acordo,

Expediente electoral 3/2023

ANTECEDENTES

Primeiro.- Por medio de escrito de data 1 de xaneiro de 2023, con entrada o dia 2 de xaneiro de 2023 no Rexistro do CGXD co núm. 2023/1605, a Federación Galega de Tenis de Mesa (en diante FGTM) presenta recurso en materia electoral interposto por don Manuel Pereiro Pérez, fronte a resolución da Xunta Electoral de 30 de Decembro de 2022 na que se acorda a proclamación definitiva da Comisión Delegada da federación por entender que non é unha proclamación realizada conforme a dereito ao vulnerar as disposicións legais de aplicación xa que alega a existencia de dous recursos presentados ante este Comité contra a proclamación provisional, sen que a Xunta electoral esperase a súa resolución para adoutar a proclamación definitiva, a pesar de ser coñecedores tanta da súa existencia coma da súa admisión a trámite.

En data 4 de xaneiro de 2021 a FGTM achega un informe sobre o asunto alegando que cumpriu o calendario electoral, sen que exista vulneración algunha na proclamación definitiva.

Segundo.- O CGXD, na súa reunión do 12 de xaneiro de 2023, acordou por unanimidade admitir trámite o recurso electoral co número de expediente 3/2023.

É relator don Domingo Bello Janeiro.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Competencia e Procedemento.

O artigo 87 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, contempla entre as materias as que se estende a xurisdición deportiva todas aquelas

CVE: TEuOlaNC1Z89
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

cuestións que se poidan suscitar no denominado ámbito electoral. O artigo 88 da mesma norma establece que no ámbito electoral a xurisdición deportiva comprende o coñecemento e resolución dos recursos que se formulen contra as decisións que se adopten nos procesos electorais das federacións deportivas, quedando exceptuados do indicado ámbito os actos de aprobación do regulamento electoral, os cales teñen o seu propio réxime de recursos ante a administración autonómica e o artigo 93 da Lei do deporte de Galicia dispón que lle corresponde o control das decisións ditadas nos procesos electorais polos órganos competentes das federacións deportivas de Galicia, tramitándose este polo procedemento que regulamentariamente se determine.

O Decreto 16/2018 do 15 de febreiro, cando regula os recursos que caben fronte as resolucións que se adopten ó longo dun proceso electoral, dispón no seu artigo 51.5 que o Comité coñecerá, en última instancia administrativa, dos recursos que se interpoñan contra o acordo de convocatoria das eleccións, o calendario electoral, a composición da xunta electoral, o censo electoral provisional e definitivo, as resolución das comisións xestoras e xuntas electorais e restantes cuestións previstas no decreto. E no artigo 38.9 do mesmo decreto se establece que *"Rematada a elección, a secretaría da mesa levantará a acta correspondente, que se expoñerá ao día seguinte no taboleiro de anuncios da federación. Contra a resolución da xunta electoral caberá interpoñer, no prazo de tres días, recurso ante o Comité de Xustiza Deportiva*

Pola súa banda, o Decreto 120/2013, do 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva, regula o procedemento en materia electoral federativa nos seus artigos 55 e seguintes. De conformidade con artigo 55.3, están excluídos do ámbito de procedemento en materia electoral a impugnación das convocatorias de eleccións e dos regulamentos electorais, os cales se tramitarán polo

CVE: TEuOlaNC1Z89
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

procedemento ordinario. Contemplándose una previsión idéntica no artigo 30 do devandito decreto cando regula o procedemento ordinario.

Atendendo a normativa sinalada, e de cara a determinar o procedemento aplicable, este Comité entende que ten competencia para coñecer do presente recurso que debe tramitarse polo procedemento en materia electoral federativa.

SEGUNDO.-Temporalidade do recurso electoral.

Dado que estamos ante un recurso de materia electoral federativa, tramitado por remisión do artigo 53 do Decreto 16/2018 conforme o artigo 55 e seguintes do Decreto 120/2013, debe analizar a interposición do recurso en tempo e para elo debemos atender o prazo de 3 días de interposición dos recursos na citada norma, sendo presentado o recurso conforme e así consta no expediente en prazo legal, concretamente o 1 de xaneiro, tendo entrada neste Comité o día 2 do mesmo mes, considérase presentado en tempo e forma.

TERCEIRO.- Lexitimación.

Segundo o art. 51 do Decreto 16/2018 polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexir a realización dos proceso electorais nas federacións deportivas galegas (modificado polo Decreto 171/2021): *"2.- Están lexitimados para interpoñer este recurso electoral as persoas que tiveran sido parte na impugnación ante a Xunta Electoral federativa o as persoas interesadas directamente polo acordo o resolución"*

O recorrente ostenta lexitimación activa para a interposición do presente recurso polo seu interes en xeral no proceso electoral tendo en conta ademais que e candidato a presidencia,

CUARTO.– Obxecto e pretensión do recurso.

CVE: TEuOlaNC1Z89
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

O recorrente impugna no seu recurso a proclamación definitiva da Comisión Delegada da FGTM como pretensión principal e, a maiores, solicita a anulación do proceso electoral 2022 pola actuación denunciada, además de solicitar que se abra expediente sancionador á Xunta Electoral polos incumprimentos moi graves do Regulamento Elctoral que figuran expostos no seu recurso.

En canto a anulación da proclamación definitiva da Comisión Delegada da FGTM, a cuestión plantexada no Recurso é plenamente xurídica toda vez que non se discute que se presentasen os recursos contra a proclamación provisional, senón que se informa pola Xunta Electoral expresamente que non tendo recibido resolución algunha en prazo dos mesmos, acordouse atender os tempos recollidos no Calendario Electoral aprobado, procedendo á proclamación definitiva da presidencia e, polo que nos interesa agora, da Comisión Delegada.

O recorrente entende, polo contrario, que sendo un feito que a federación coñecía os recursos sendo notificadas as providencias do CGXD de admisión dos mesmos, incumple a normativa pois a falla de resolución deste órgano non faculta a proclamar definitivamente a Comisión Delegada polo mero transcurso do prazo previsto para a súa resolución, sendo preciso esperar ás resolucións do Comité para levar a cabo a proclamación definitiva.

En canto a normativa de aplicación, o artigo 63.6 do Decreto 120/2013 polo o que se aproba o Regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva no capítulo relativo ao proceso electoral establece que:

"6. *O prazo máximo para dictar e notificar a resolución será dun mes contado dende a data na que o recurso tivo entrada no rexistro do comité. Transcorrido este prazo sen que recaiga resolución, se poderá entender desestimado o recurso".*

CVE: TEuOlaNC1Z89
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Atendendo ao exposto, compróbase que a desestimación presunta contemplada no Decreto 120/2013 so poderá entendenderse producido polo transcurso do prazo legal dun mes dende a interposición do recurso electoral sen resolución expresa.

Debe terse en conta en canto os prazos dos recursos ante este CGXD dentro do proceso electoral o disposto no artigo 53 do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro relativo a tramitación dos recursos que establece que:

"*A tramitación dos recursos atribuidos ao coñecemento do Comité Galego de Xustiza Deportiva aplicaráselle a lexislación sobre procedimiento administrativo común e o Decreto 120/2013, de 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva, agás os prazos dos distintos trámites que se axustarán ao disposto no presente decreto e aos acordos do Comité Galego de Xustiza Deportiva*."

Establecendo pola súa banda, en canto a proclamación definitiva á Comisión Delegada, o artigo 48 do Decreto 16/2018 que:

"*No caso de estar prevista nos Estatutos, o regulamento electoral deberá regular expresamente o sistema de elección de membros deste órgano respetando o disposto nos seguintes apartados"* refiríndose os apartados en cuestión as persoas integrantes, o voto por correo, o número máximo e a proporción.

Debemos atender polo tanto ao disposto no Decreto 16/2018 e ao Regulamento electoral federativo aprobado así como de forma particular, ao Calendario electoral, para ver si se establece algo ao respecto en canto o prazo de reclamación e resolución dos recursos, como así apunta a Xunta Electoral e se refiere o Decreto 16/2018 e neste senso, advírtese que non constan prazos para a proclamación definitiva da Comisión Delegada máis, a vista do mesmo, respecto da Presidencia, consta que na FASE VII relativa a

CVE: TEuOlaNC1Z89
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

"*Elección da Presidencia e toma de posesión*", a proclamación definitiva se hai recursos ante o CGXD producirase:

"b) 1 día hábil despois de rematar prazo do punto 4 desta fase: 28/12/22".

Pois ben o prazo para interpor o recurso contra a proclamación definitiva dos membros da Comisión Delegada e para a resolución do recurso debe ser o mesmo que para a proclamación definitiva da Presidencia porque o acordo da Xunta Electoral da proclamación definitiva da Presidencia e da Comisión Delegada e o mesmo.

Queda polo tanto claro que a proclamación definitiva da Comisión Delegada adoutada o 28/12/22 é conforme a dereito por canto se axusta aos prazos previstos no Calendario Electoral da Presidencia da FGTM (7 días de prazo para a resolución dos recursos contra a proclamación provisional que rematarían o 27/12/2022 -PUNTO 4- sendo a problamación definitiva un día hábil depois, é dicir, o 28/12/2022).

Non é discutido o marxe da disconformidade que poida alegar o recorrente, que o Calendario Electoral foi aprobado pola Secretaria Xeral para o Deporte sendo avalado por este Comité e, polo tanto, o proceso electoral debe axustarse ao disposto no mesmo, sendo plenamente aplicable, sen que exista indefensión algunha para o recorrente, toda vez que quedan claros as datas e prazos de interposición de respectivos recursos e as consecuencias da súa resolución ou non expresa por parte deste Comité no prazo que contempla.

Neste aspecto entende este CGXD que debe desestimarse o recurso contra a proclamación definitiva de Comisión Delegada da FGTM.

O recorrente tamen solicita a anulación do Proceso Electoral 2022 na FGTM, polo proceder da Xunta Electoral, sen embargo este Comité entende que non se pode estimar esta pretensión a tenor dos feitos expostos, que non implican ningunha conduta que xutifique adoutar dita decisión que debe

CVE: TEuOlaNC1Z89
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

asentarse e fundamentarse en graves incumplimientos que non se contemplan neste caso.

En consecuencia, tampouco é procedente a apertura dun expediente sancionador á Xunta Electoral da FGTM, polos incumprimentos moi graves do Regulamento Electoral da FGTM neste proceso electoral 2022 e por non velar polo cumprimento dos decretos e regulamentos electorais, además de por afectar os dereitos do recorrente de cara a interposición dos recursos, ao non apreciarse indicios de conducta reprochable nos membros da Xunta Electoral que poda sustentar un acordo de incoación de procedemento sancionador por estes feitos, o que debe ser motivado e xustificado conforme a normativa de aplicación, sendo un feito que o Calendario Electoral da FGTM foi aprobado conforme a normativa de aplicación, non tendo ningunha constancia de vulneración de dereitos de defensa no proceso electoral federativo que non se sustentan, dende logo, na conduta examinada no presente recurso.

En consecuencia **O PLENO DO COMITÉ GALEGO DE XUSTIZA DEPORTIVA**, por unanimidade, **ACORDA DESESTIMAR o** recurso electoral **3/2023** formulado por Don Manuel Pereiro Pérez.

Contra o presente acordo non cabe recurso administrativo algún (artigo 63.7 Decreto 120/2013), se ben poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación da presente resolución, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Dona Teresa Carrera Babarro, secretaria do Comité Galego de Xustiza Deportiva,

CERTIFICO:

CVE: TEuOlaNC1Z89
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Que no Pleno do devandito Comité en sesión celebrada o día 13 de febreiro de 2023 na cidade de Santiago de Compostela, se acordou a referida resolución, o que lle notifico a Vde. na súa condición de parte interesada para o seu debido coñecemento e cumprimento.

En Santiago de Compostela.

Asinado por: CARRERA BABARRO, TERESA
Cargo: Secretaria do Comité Galego de Xustiza Deportiva
Data e hora: 14/02/2023 14:54:58

COMITÉ GALEGO DE XUSTIZA DEPORTIVA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA
DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES
Rúa Madrid, 2-4, 2º andar. 15781 Santiago de Compostela

CVE: TEuOlaNC1Z89
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve